

15 novembro
do 2023

Palacio de Congresos e
Exposicións de Galicia

MODALIDADES DE PARTICIPACIÓN

DELEGADO/A

Son os que ostentan a representación dos **socios titulares da FEGAMP**, reunindo os requisitos subliñados no punto 3 das Normas de Funcionamento da Asemblea. Poderán participar na mesma con voz e con voto.

OBSERVADOR/A

Son os/as representantes de **Corporacións asociadas á FEGAMP**, que:

A) non ostenten a representación das mesmas na Asemblea e contén coa oportuna autorización para tal fin. Poderán asistir ás sesións da **Asemblea Xeral e das Comisións de Traballo**, nos dous casos **con voz e sen voto**.

B) incumpran algún dos apartados aos que se refire o punto 3 das normas da Asemblea, así como aquelas persoas que fosen invitadas pola Comisión Executiva pola súa especial relevancia nas materias obxecto de debate. Poderán asistir ás sesións da **Asemblea Xeral (sen voz nin voto) e ás Comisións de Traballo** e participar nestas últimas con voz, pero sen voto.

DATAS A TER EN CONTA

6 out

Convocatoria da XI Asemblea Xeral da Fegamp

Convócase formalmente a Asemblea Xeral e queda aberto o prazo de inscrición para participar na mesma.

27 out

Fin do prazo de presentación de emendas aos relatorios

É imprescindible cubrir, asinar electronicamente e remitir a **registro@fegamp.gal** o formulario de presentación de emendas habilitado ao respecto. O contido e a xustificación da Emenda remitirase en folia aparte. Cubrir unha folia por Emenda.

7 nov

Fin do prazo de inscrición na Asemblea e nos relatorios

É imprescindible cubrir, asinar electronicamente e remitir a **registro@fegamp.gal** o formulario de inscrición habilitado ao respecto, dentro do prazo establecido.

Fin do prazo para o pago de cotas adebedadas

Art. 14 dos Estatutos da Fegamp: «Para o exercicio de tódolos dereitos é preciso estar ó corrente no pago das cotas e, no suposto da convocatoria de calquera órgano, ter a condición de socio titular con anterioridade á data de dita convocatoria»

15 nov

Celebración da XI Asemblea Xeral da Fegamp

Palacio de Congresos e Exposicións de Galicia (Santiago de Compostela)